

CIENCIAS NATURAIS: PROBA TEMA 2

Nome: _____ Data: _____

1.- Que é a dixestión? Marca a resposta correcta.


A.- É o proceso que realizamos para captar o que sucede ao noso arredor e reaccionar ante iso adecuadamente.

B.- É o proceso que realizamos para obter os nutrientes que conteñen os alimentos que o corpo necesita.

C.- É o proceso que realizamos para percibir información do exterior, transformándoa nun sinal nervioso que se transmite ao cerebro.

2.- Completa as partes do aparato dixestivo.


boca estómago figado intestino grosso esófago páncreas
ano intestino delgado



3.- Enumera por orde o proceso da dixestión.


- ☐ Ao intestino groso chegan os restos dos alimentos que non se aproveitaron. Aquí convértese nas feces que se expulsan polo ano.
- ☐ No estómago, o bolo mestúrase cos zumes do estómago que axudan a converter o alimento nunha papa.
- ☐ Na boca, os dentes tritura os alimentos, que se mesturan coa saliva e forman o bolo alimenticio.
- ☐ O bolo pasa polo esófago e chega ao estómago.
- ☐ A papa pasará ao intestino delgado, onde se mestura con outros zumes, e convértese nun líquido con nutrientes. Estes nutrientes pasan ao sangue.

4.- Escribe en cada recadro os nutrientes que aportan os alimentos



5.- Escribe no seu lugar os grupos de alimentos

LÁCTEOS - VERDURAS - PAN,PASTA E CEREAIS - FROITAS -
CARNE,OVOS, PEIXE - DOCES E GRAXAS



a) Que grupos de alimentos debemos tomar a diario?

b) Que grupo é o menos saudable?

6.- Escribe V ou F nas seguintes afirmacións sobre a “dieta mediterránea”

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | A margarina é mellor que o aceite de oliva . |
| ☐ | É mellor beber zume en vez de agua. |
| ☐ | Hai que aproveitar os alimentos frescos da nosa zona. |
| ☐ | O chocolate é a mellor sobremesa. |

7.- Que é unha intolerancia alimentaria? Pon un exemplo.

8.- Escribe a palabra que corresponde ás seguintes definicións.

_____ : é o exceso de graxa que pode haber no corpo.

_____ : é a falta dunha alimentación suficiente para que o corpo funcione correctamente.